

Ramiro Fonte. *O cazador de libros*

Ignacio Chao

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CHAO, IGNACIO (2012 [1998]). “Ramiro Fonte. *O cazador de libros*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 269-271. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1574>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CHAO, IGNACIO (1998). “Ramiro Fonte. *O cazador de libros*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 1997, 269-271.

* Edición dispoñíbel desde o 18 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Ramiro Fonte. *O cazador de libros*.
Santiago: Sotelo Blanco**

Ignacio Chao

Teñen as cousas complementarias esa rexa cualidade de estar sempre da nosa man para engadirse a algo e convertelo en íntegro e perfecto. Están sempre dispostas a unha chamada de auxilio, e acoden coa forma das palabras máis lexítimas, dun acto mínimo, dunha presenza necesaria. E mentres non son requeridas, agardan no seu anónimo retén as emerxencias da realidade máis plana.

Púxolle Ramiro Fonte a *O cazador de libros* o subtítulo de *Poemas complementarios*. Certamente, con esta serie de poemas rimados, cos que cambia o seu leme creativo, vén complementar a súa obra lírica. Pero, por outra parte, posúen estes versos o valor dun segundo comodín, desa carta esperada que pode tamén reforzar a xogada da poesía galega dos últimos anos, algo mirrada de triunfos. Non creo, sen embargo, que sexa esta a adicionalidade que o autor, nada dado ás estridencias, quere propoñer. Se existe unha clara, superior, defensa da complementariedade é a de certos ambientes e personaxes que invernan no substrato da nosa paisaxe diaria, no gume da vida.

Habería que advertir, antes de nada, que *O cazador de libros* continúa a senda da vella poesía moderna, e a elección que o autor fai dos devanditos ambientes e personaxes supón a súa primeira demostración de respecto a aquela tradición literaria, empeñada en retratar a unha clase de individuos mergullados. Ramiro Fonte rescata ós secundarios deste tempo crepuscular (narcos, mulleres fatais, xogadores, solitarios, conspiradores, exiliados, voyeurs) e os ambientes nos que xogan esas poucas fichas que lles outorga a vida (cabarets, casinos, librerías de vello, pazos, cafés) como proba de que tamén sen eles a realidade está incompleta. De calada maneira convida a pensar nunha reversibilidade da dialoxía ele-

mento/complemento, no valor desas cousas ciscadas que se poden sumar ó establecido. Porque o que pretendemos complementario pode alcanzar un plano superior de protagonismo ó daquel que vén completar.

Dicía Auden que un poeta que fale das fazañas doutros homes non pode soar falso. Os poemas de *O cazador de libros* non relatan fazañas, nin recorren tampouco ó método efectivo daquilo que dictan a historia ou algunhas lendas. Pero falan doutros: dos seus fracasos ordinarios, das ruínas dos logros incumplidos. Ramiro Fonte ofrece pousada a personaxes que raramente encontran habitación na poesía e escribe os capítulos das súas vidas recollendo, como follas caídas do outono, os fragmentos de alma que extraviaron polas rúas, o que me parece vontade maior para garantir a autenticidade dos versos. Desde o anonimato da multitude, tras dese vidro da vida no que comparecen ó seu carón as figuras de Baudelaire e Cesáreo Verde, convértese nun espectador privilexiado, capaz de esculcar un mundo accesorio pero cotián, de percibir esa pintura allea á nosa condición de individuos de mirada frontal.

A miúdo os poetas convocamos brétemas entre os versos sen conseguir fitar coas palabras o instante que detén a fotografía. Esa tentativa está aquí resolta. Paréceme que moitos dos poemas atenden a un código cinematográfico no que cada verso equivale a un fotograma, e que a sucesión destes reporta secuencias con acertados contrastes de lugares exteriores e interiores polos que se moven anómalos actores, os individuos dramáticos. E a pantalla destas follas, que case sempre teñen luz de lúa, proxecta as pisadas do xogador que transita con degoiro polo casino e soe apostar ó mesmo número, os acenos estudiados de mulleres artificiais e loiras que creban cos seus tacóns o silencio da noite, a ruda elegancia dos capos da coca ou esa querencia polo noctámbulo dos burgueses, que adoitan desprazarse en automóbiles Mercedes (condición que aproveita o autor para revisitar, no fabuloso poema “Esa marca de automóbil”, o traxecto de Álvaro de Campos no Chevrolet a Sintra).

Como aqueles grandes poetas modernos, dos que é tan deudor coma herdeiro, Ramiro Fonte consegue recrear un contorno moi concreto, estreando para nós outra representación da realidade na que se volve constatar que a vida é un xogo guiado polo azar. Sen dúbida, a metáfora do xogador, dese cazador que deambula pola selva cidadá na procura de cativas recompensas, supón o máis claro sinal de acordo cos mestres do século pasado. E ó igual que os seus personaxes, o propio poeta, como espectador da cidade, transfórmase tamén nese cazador que pode cobrar, coa única arma da súa mirada atenta, os mellores versos.

Non é outra, senón a procura das máis verdadeiras palabras, das altas cancións das rúas —a quen silencia, como contaba Rubén Darío, “la Ignorancia y el Olvido”—, a misión final do poeta. Esa conciencia do valor da poesía como conducto para recuperar o que extraviamos, e advertírnolo igualmente imprescindible, marca as páxinas de *O cazador de libros*. Ramiro Fonte cumpre con aquel soño de René Char: o dun mundo que, en vez de comezar coa palabra, partira das intencións. O seu entendemento e compromiso co xénero permítelle partir delas, pero tamén enchelas con sólidas palabras. Co mesmo sentimento, coa paixón dunha media distancia contigua ás cousas, aproxímanos igual ós personaxes que á propia poesía, sobre a que reflexiona lucidamente, como fixeran tamén os poetas modernos. Nada teñen que envexar poemas como o ácido “O silencio das sereas”, “Teoría literaria”, “Poética” ou o espléndido “Confesións dun occidental” (título en clara lembranza a Cesáreo Verde) a outros como “Contrariedades”, do propio Verde, ou “Ama o teu ritmo”, de Rubén Darío.

Xa se dixo que Ramiro Fonte non oculta a súa devoción por algúns poetas de finais do século XIX. Hai numerosísimos tributos nesta obra ós versos daqueles incomprendidos. Á parte das referencias explícitas a *As flores do mal*, Baudelaire asoma por todas as páxinas: na revisión da figura do vampiro, nos poemas sobre o xogo e os burdeis... Hai tamén ecos de Cesáreo Verde, na recreación das estampas portuarias, de Rubén Darío —nas alusións, por exemplo, a Cyrano de Bergerac—, de Nerval, en “Le Ténébreux”, de Rosalía (“... morreron lonxe / Por levaren na fronte aquela estrela”), ou de César Vallejo en “Os cabaleiros negros”, eses escuros mensaxeiros que a Morte nos remite.

Ó meu modo de ver, dous valores acenden os poemas de *O cazador de libros*: resistencia e ironía (que son tamén o patrimonio moral dos perdedores). Para protexer esas actitudes, Ramiro Fonte congrega o mellor exército estilístico. Primeiramente, utiliza con agudeza diversas unidades métricas, maiormente cuartetos de endecasílabos e alexandrinos, e só mobiliza os sonetos, a estrofa socorrida, nos momentos oportunos. Por outra parte, fai posible aquela vella aspiración da poesía de abrir todas as portas e varrer rúas e salóns, aplicando o adxectivo con rigor de numismático e conferindo ás palabras máis correntes alto significado estético. E chama a atención, por infrecuente, o uso diáfano, envexable, da puntuación, que lle proporciona eficacia e economía ó verso. Cada un deles é unha acción, unha descrición, un retrato.

Penso que *O cazador de libros* é algo máis que unha obra complementaria. Porque Ramiro Fonte volve a demostrar que pinta como ninguén os espazos cidadáns, porque nos achega a vida dunha insólita caterva de personaxes, porque devolve á nosa poesía o son dunha métrica musical e precisa, atrevome a dicir que é deses libros necesarios que osixenan unha literatura. Non facerlle xustiza sería crearse unha parva penitencia.